[AQUÍ]

recomenda

VALDEORRAS

V edición
AEVA
EMPRÉGATE

aeva

DEPUTACIÓN
OURENSE



RECOMENDA VALDEORRAS é un proxecto formativo da Asociación Empresarial de Valdeorras, posto en marcha dentro da V Edición de AEVAemprégate, un programa realizado co apoio da Deputación de Ourense.

DESENVOLVEMENTO DE CONTIDOS
Solfiro Comunicación e Eventos Enoturismo

TEXTOS
Soledad Figueroa e Luís Carrón

FOTOGRAFÍAS
Cristina de la Torre
Solfiro
Óscar Blanco (Observatorio de Trevinca)

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Cristina de la Torre

O Barco de Valdeorras
Primavera 2023

Índice

- PROGRAMA DAS RUTAS
- FE E FEUDALISMO
    - NOTAS
- IN VINO VERITAS
    - NOTAS
- O OURO DE ROMA
    - NOTAS
- HAI OUTRA GALIZA
    - NOTAS
- RECURSOS POR CONCELLOS
    - A RÚA
    - A VEIGA
    - CARBALLEDA
    - LAROUCO
    - O BARCO
    - O BOLO
    - PETÍN
    - RUBIÁ
    - VILAMARTÍN

Fe e feudalismo

CASTELOS, PAZOS E TEMPLOS

OBXECTIVO
Coñecer o patrimonio cultural arquitectónico da Idade Media e Moderna a través da súa historia.
As construcións dos señores laicos e relixiosos da comarca e o seu valor patrimonial.

PERCORRIDO
Visita ao santuario das Ermidas (BIC) co relato do xurdimento da tradición mariana e explicación arquitectónica e artística do edificio.

Visita ao castelo do Bolo, á Torre do Castro (BIC) e á igrexa de San Miguel de Xagoaza, onde coñeceremos a Orde dos Hospitalarios e detalles do *mosteiro* de Xagoaza.



Cova de Adega Melillas, A Rúa

In vino veritas

ADEGAS, COVAS E VIDES

OBXECTIVO

Concienciar sobre o potencial enoturístico de Valdeorras. Valorar a recuperación da caste godello e a diversidade de viños da comarca. Recoñecer as singularidades etnográficas das covas no contexto galego.

PERCORRIDO

Visita ao miradoiro de Chandoiro coa paisaxe do viño en ladeira, recuperada nas últimas décadas. Paseo polas Pinguelas, na Rúa, para comprobar como a actividade humana crea espazos de valor etnográfico, integrados na natureza. Visita a unha adega con cova.



Ponte da Cigarrosa, Petín

O ouro de Roma

CASTROS, PONTES E MINAS

OBXECTIVO

Descubrir o patrimonio arqueolóxico da época histórica na que Valdeorras era o centro de interese económico e viario da Gallaecia.

PERCORRIDO

Visita ao xacemento do Castrillón, en Larouco: un castro fortificado dos astures. Parada na ponte da Cigarrosa, para explicar a súa construción e a función da Vía Nova. Rematamos na lápida de Pompeio Reburro, situada fronte á igrexa de Santo Estevo, na Rúa, para coñecer a historia deste pretoriano valdeorrés.



Serra da Enciña da Lastra, Rubiá

Hai outra Galiza

MONTAÑAS, ESTRELAS E NATUREZA

OBXECTIVO

Desfrutar dunhas paisaxes que en Galiza son excepción, a montaña de Trevinca e os segredos do seu ceo, e mais a vexetación e xeoloxía especial do Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra.

PERCORRIDO

Visita ao centro de interpretación do Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra e explicación sobre as súas singularidades paisaxísticas. Visita a un miradoiro do parque na zona de Covas, Vilardesilva e Pardollán. Rematamos cunha visita guiada ao Centro Astronómico de Trevinca.



Recursos por concellos

A Rúa

“

LÁPIDA DE POMPEIO REBURRO

Cenotafio funerario dedicado a un lexionario pretoriano do século I que serviu en Roma. É o primeiro valdeorrés do que coñecemos o seu nome e o seu currículo.

AS PINGUELAS

Paraxe fluvial de gran beleza que reúne varias covas de gran tamaño destinadas á garda de viño, proba senlleira da tradición vinícola da comarca.



OUTROS RECURSOS

- Igrexa de Santo Estevo
- Miradoiro de Barranco Rubio

A Veiga

CENTRO ASTRONÓMICO TREVINCA

Centro de observación astronómica aberto a visitantes.
A Veiga ten o calificativo de *Destino Starlight*, un sistema europeo de certificación turística para aqueles destinos cos ceos máis axeitados para a observación do firmamento.

OUTROS RECURSOS

- Pena Trevinca
- Cántara da Moura
- Lagoas de Ocelo e da Serpe
- A Casa das Pedriñas



Carballeda



PONTE NOVA
Ponte do século XVI, voado durante a Guerra da Independencia.

PINTURAS DA PALA DAS CABRAS
Pinturas rupestres paleolíticas singulares en Galicia.

O TEIXADAL
Bosque mixto cunha concentración de teixos única no Sur de Europa.



Larouco

O CASTRILLÓN

Castro astur da Idade de Ferro. Conserva boa parte das súas defensas e localizado nunha contorna espectacular.



LAGARES RUPESTRES

Lagares tallados directamente na rocha. Evidencias da elaboración de viño en época romana.



O Barco

IGREXA E 'MOSTEIRO' DE XAGOAZA
Igrexa e casa señorial que pertenceron á Orde dos Cabaleiros Hospitalarios. A igrexa —de orixe románica— mailo pazo están restaurados e atópanse nunha contorna de gran beleza.

TORRE DO CASTRO
Torre de homenaxe dun castelo medieval. Castelo de gran importancia na Baixa Idade Media, asentado sobre un castro astur.



OUTROS RECURSOS

- Fervenza A Pincheira (na aldea de Fervenza)
- Casa Grande de Viloira
- Ribeira do Sil no centro do Barco (Paseo do Malecón)

O Bolo

SANTUARIO DAS ERMIDAS
Santuario de peregrinación mariana, erguido nos séculos XVII e XVIII. Declarado BIC no 2006, é un dos templos máis sobranceiros do barroco galego, situado no fondo do val do Bibei.

CASTELO DO BOLO
Fortificación medieval que conserva a torre de homenaxe e boa parte das dúas murallas que a circundaban. Este castelo coroa a localidade do Bolo e foi derrocado na Gran Guerra Irmandiña.



MIRADOIRO DE CHANDOIRO
Miradoiro sobre as abas que rodean o río Bibei. Excelente punto de observación da paisaxe vitivinícola.

OUTROS RECURSOS
- Museo Yosso
- Muíños do Bibei
- Miradoiro da Fraga

Petín

PONTE DA CIGARROSA
Ponte medieval de orixe romana, que cruza o Sil entre Petín e A Rúa. Ponte de pedra que formou parte de Vía Nova, cun miliario nunha das entradas.

MILIARIO DA VÍA NOVA
Fito miliario romano, do século I da nosa era, que indica a distancia desde Astorga a ese punto. É o único miliario atopado na comarca que conserva a súa inscrición.



OUTROS RECURSOS

- Casco vello de Petín
- Castro de Santa María
- Santoalla, unha aldea de cine

Rubiá

CENTRO DE VISITANTES SERRA DA ENCIÑA DA LASTRA
Centro de interpretación e atención aos visitantes e inicio de visitas guiadas. Parque Natural (2002) que destaca pola súa vexetación de tipo mediterráneo e pola súa riqueza xeolóxica.



MIRADOIROS DA LASTRA
Serie de puntos de observación, a pé de estrada, que permiten ver a paisaxe e a fauna do parque. Lugares cunha situación estratéxica para obter boas panorámicas do parque e desfrutar das paisaxes.

OUTROS RECURSOS
- Penedos de Oulego
- Restos da Vía Nova

Vilamartín



CASTRO DO CASTELO
Castro —escavado— da antigüidade tardía.

CONVENTO DOS TRINITARIOS
Igrexa e restos dun convento do século XVIII. Situado na aldea de Correxais.

COVAS DE VILAMARTÍN
Concentración de covas na que se celebra a ruta de covas máis popular de Galicia.



[AQUÍ]
recomenda
VALDEORRAS



empresariosdevaldeorras.com

V edición
AEVA
EMPRÉGATE

aeva

DEFUTACIÓN
OURENSE